



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 13 DE ABRIL DE 2009

---Contrato: OBRAS DE "ADECUACIÓN DAS RÚAS CRUCEIRO, JUSTO MARTÍNEZ, SAN PAIO E ACCESO Ó GRUPO SAN PAIO (OBRA DO FEIL)".

--Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 16 DE ABRIL DE 2009

-Visto o expediente tramitado, de contratación das obras de "*Adecuación das rúas Cruceiro, Justo Martínez, San Paio e acceso ó Grupo San Paio (obra do FEIL)*".

-Visto que, dentro de prazo, unicamente presentou solicitude de participación DAGO SA.

-Vista a documentación administrativa aportada polo licitador.

-Tendo en conta que a oferta formulada polo licitador é conforme cos Pregos e a única presentada.

-Visto o informe da Tesourería municipal de que se atopa ó corrente das súas obrigacións tributarias para co Concello.

-Visto o informe da Intervención Municipal formulando reparo suspensivo.

-Vista a Resolución da Alcaldía nº 347/2009 de data 7 de abril, levantando o indicado reparo suspensivo.

-Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda punto 1 da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

1º.-Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de "*Adecuación das rúas Cruceiro, Justo Martínez, San Paio e acceso ó Grupo San Paio (obra do FEIL)*", por importe de 231.887,02 euros, a DAGO S.A., con arranxo ó Proxecto, os Pregos e á súa oferta.

2º.-A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

---certificado de axencia tributaria estatal de que se atopa ó corrente das súas obrigacións tributarias.

--- certificado de que se atopa ó corrente das súas obrigacións para coa seguridade social.

---xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.-Notifíquese o presente Acordo e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do contratante.

A Estrada 16 de abril de 2009.  
A ALCALDESA EN FUNCIONS,

Asdo. Raquel López Doce